

Os xoves de Códax

2015



Programación da Terraza

Martín Códax

Nesta cuarta edición o ciclo musical **OS XOVES DE CÓDAX** alcanza a súa madurez sen deixar de mostrarse xoven e vivo igual que o albariño que lle da nome. Se cadra máis vivo e máis novo ca nunca, con vontade de experimentar, mesturando con atrevemento ingredientes artísticos e musicais de procedencias diversas, sempre co obxectivo de alcanzar territorios musicais inexplorados e facernos vivir experiencias intensas.



Os universo dun icono como **Rosa Cedrón** entretecido coa música do cantautor **Emilio Rúa**; a mellor tradición musical galega de **Xabier Díaz** maridada coa jota aragonesa de **Carmen París**; as composicións eclécticas e delirantes da **Banda Crebinsky**; o 'frotis' e o 'arrechuche' que provocan os ritmos bailables da **Orquestra Os Modernos**; a emoción e a intensidade das composicións de **Guadi Galego** acompañadas pola maestría do mago musical do pop-rock español, **Pachi García**; a conexión Barbate-Vigo de **Radio Pesquera** unindo a guitarra flamenca de **Nono García** e a guitarra eléctrica de **Pablo Novoa** en composicións de jazz, blues, flamenco e músicas latinas que traspasan fronteiras e tocan a fibra do público; a paixón pola música de raíz do castelán **Eliseo Parra** e do galego **Marcelo Dobode**, dous namorados da tradición, dúas almas libres reinterpretando o máis ancestral dos repertorios musicais peninsulares; e o peche de luxo de dúas grandes, **Uxía**, a voz do Atlántico, compartindo escenario con **Martirio** e a súa persoal e arrebatadora visión do flamenco nun repertorio que nos fará revivir o profundo desgarró inspirado por Chavela Vargas.

A Fórmula Códax volve reunir todos os ingredientes: o Val do Salnés aos nosos pes, a Ría de Arousa no horizonte, as cálidas cores dos solpores de xullo e agosto, a emoción sobre o escenario e o o mellor albariño do mundo na nosa copa. Alguén se atreve a soñar unha maridaxe capaz de superar isto?

Programación



ROSA CEDRÓN E EMILIO RÚA

Xullo 2

Neste concerto vaise tecer un camiño entre dous universos. A unha beira, Rosa Cedrón, amosando as súas grandes paixóns, cantar, tocar o cello e a recién estreada, aínda que non nova, faceta de compositora; do outro lado, o cantautor Emilio Rúa, músico novo pero de longa traxectoria, recoñecido con importantes premios e moi valorado polo público.

Rosa Cedrón converteuse en buque insigne dunha nova xeración de músicos que coidaron cada detalle, cada nota, cada expresión, imprimindo modernidade na tradición. A súa voz gravou innumerables cancións no corazón dos galegos, e a súa expresividade, a súa innata elegancia e a beleza plástica do seu estilo fixo que Mike Oldfield fixase nela os seus ollos para facela partícipe non só dun dos seus temas, senón de numerosas presentacións musicais nas capitais mundiais da cultura. Rosa Cedrón obtivo, por dereito, o aplauso da crítica mundial e, sen renunciar a imprimir o seu particular selo, converteuse na voz máis internacional de Galicia de todos os tempos. Xa en solitario, no traballo "Entre dous mares" (marzo 2007), Rosa Cedrón fai desembocar todos os ríos que conformaron a súa vida como cantante. A súa íntima visión da música, as pinceladas todavía latentes da súa formación clásica e as súas renovadas inquietudes musicais.

Emilio Rúa comeza aos sete anos no grupo musical Concorde Atenea formado polo seu pai e os seus catro irmáns. Xa en solitario ten publicado cinco discos: Emilio Rúa (Edicións do Cumio 2000), Vida Miña (Boa Music 2006), Interior (Pai Música 2010), Despois de ti, a chuva (Editorial Galaxia 2011) co escritor Xosé Carlos Caneiro e Destino sur (Autofinanciado/SGAE 2014). Conta con 2 premios nacionais de cantautores e ten compartido escena musical con Ismael Serrano, Pedro Guerra, Susana Seivane, Xosé Manuel Budiño, Uxía, Malvela, M^a do Ceo, Miki, Uxía Pedreira, Silvia Superstar, Faltriqueira, Luz Casal, Luís Tosar, Cómplices, Jorge Dréxler, Segundo Grandío, Carlos Blanco, Guadi Galego, Tony Lomba, Marcos Teira, Quim Farinha, Celina da Piedade (Mariza, Rodrigo Leao), Carlos Castro (Fía na Roca, Budiño), Lucía Pérez, Fabián... A súa canción Vida Miña foi elixida polos lectores do diario La Voz de Galicia como unha das dez mellores cancións galegas de todos os tempos.



Xullo 9

CARMEN PARÍS E XABIER DÍAZ

Ebro e Miño, Mediterráneo e Atlántico... Carmen París e Xabier Díaz, ou eses ríos que teñen o nacemento na orixe, no esencial da música tradicional e no seu percorrido cheo de curvas, fervenzas, lagoas... vanse enriquecendo e recibindo achegas de outras culturas, de viaxes... do que nos rodea, do que escoitan e das músicas que soñan e que aínda non existen ou están por chegar. O planeta azul ten o aquel de mesturar as augas de tódolos océanos coa sabedoría da natureza, nada renxe, nada é alleo á mistura... os e as asistentes a este concerto especial navegarán por augas cheas de complicidade... comeza nun alalá e remata nunha xota poderosa!

Carmen París é unha artista aragonesa, creadora e intérprete, que irrumpiu na primavera do 2002 no panorama musical nacional con 'Pa' mi genio', un disco que revisaba o folclore aragonés desde un punto de vista universal e contemporáneo. O seu segundo disco 'Jotera lo serás tú', ampliou aínda máis o seu desprexuízado universo musical irmandando a jota aragonesa con habaneras, chotis, rancheras, cha-cha-cha e ritmos do folclore castelán ou brasileiro. Continuou con 'InCubando', xestado e composto en La Habana e máis recentemente, en 2013, publicou 'Ejazz con Jota', onde por primeira vez a jota soa acompañada por unha Jazz Orchestra de prestixiosos músicos norteamericanos.

Carmen estará acompañada na terraza de Martín Códax por **Xabier Díaz**, quen é xa un veterano neste ciclo porque participou na pasada edición xunto a Kepa Junkera, e na primeira edición xunto aos seus compañeiros de A Cada Canto, unha formación que ata hai pouco compaxinaba coa recentemente extinta Berrogüetto, e tamén coa súa actividade como profesor; e co labor de investigación e compilación do folclore tradicional galego.



Xullo 16

BANDA CREBINSKY

Banda Crebinsky é unha pequena orquestra popular xurdida dun universo imaxinario, fuxida do filme Crebinsky. Do mesmo modo, as súas músicas nacen como banda sonora e saltando da pantalla, corren ás rúas e os escenarios, crescendo e desenvolvéndose con grande enerxía. Unha historia ben interesante. Se houbera que etiquetar o seu estilo, pronto nos veríamos en serias dificultades. Con todo, podemos arriscar algunhas expresións como "composicións eclécticas-delirantes próximas á world music" ou ben "música popular dun país inexistente". Da súa escoita reflexiva evidénciase un traballo musical de grande calidade, cheo de detalles e minucioso, tanto a nivel compositivo como de interpretación. Non obstante, é case imposible escoitar todo o seu espectáculo de xeito reflexivo, pois a contaxiosa vitalidade que transmite Banda Crebinsky invita á festa sen paliativos.

No 2010, sacan o seu primeiro disco titulado "Banda Crebinsky", cos temas da B.S.O. composta por Pablo Pérez para a película Crebinsky, dirixida por Enrique Otero. A partir deste momento comezan a ofrecer concertos en diversos formatos: Universo Crebinsky (película con actuación da Banda), Banda Crebinsky... participando en eventos como XXVI e XXIX Festival Intercéltico de Ortigueira, Festival de Cine de Málaga, Ciclo de concertos "Veranos de la Villa" no Teatro Conde Duque (Madrid), Teatro Majestic Passy (París), Festival da Luz, ou Tom de Festa (Portugal) entre outros. Á súa vez as composicións conseguen os seguintes premios: Mellor Música Orixinal do Festival Internacional de Cine de Toulouse e do Festival Internacional de Cine de Oaxaca (México) en 2011; Mellor Videoclip nos Premios Mestre Mateo en 2013 por "Un piatto"; Premio Martín Códax da Música 2013 na categoría de Músicas do Mundo. En Marzo do 2012 publicaron con BOA Música o seu segundo disco "Jet Lag", no que a Banda opta por un son máis ecléctico e directo, rápido no cambio de estilos, tempos, franxas horarias, culturas e idiomas nunha viaxe a un mundo en constante metamorfose.

Compoñentes:

Pablo Pérez Sanmamed (composición e contrabaixo), Sergio Zearreta (voz), Vadim Yukhnévich (voz e baián), Enrique Otero (teclados e voz), Fernando Abreu (clarinete, mandolina e voz), Xacobe Lamas (violín), Miguel Queixas (batería).



Xullo 23

OS MODERNOS

A claridade das lámpadas de cores, o cheiro a pólvora, o arrecendo das fiambreiras, até a xeometría dos quadros dos manteis se levantan e brindan pola oportunidade dada ao "frotis" e ao "arrechuche" contaxiada polos ritmos bailables da **Orquestra "Os Modernos"**.

Como consecuencia da súa constante renovación e experiencia a través de tantas xiras e viaxes por Europa e América do Sur e do Norte, a Orquestra "Os Modernos" ofrece un repertorio renovado de bailes como manda a última moda: fox-trot, baião, bolero, habanera, corrido, rumba, mazurca..., sen esquecerse tampouco deses ritmos máis arcaicos e propios do noso folclore como a muiñeira ou a jota.

Os bailadores e bailadoras confidentes, séntense protagonistas arroupados ao tempo que illados, ao estar a música exclusivamente ao servizo do seu baile.

Ninguén senta cando toca a Orquestra "Os Modernos"!

Compoñentes:

Xosé Tunhas (batería), Joám Casas (clarinete e gaita-de-fol), Alonso Caxade (trombón), Martín Nogueira (trompeta), Paco Nogueiras (acordeón), Alberte Rodríguez (contrabaixo), Iria Pinheiro (cantante e diva).



Agosto 6

GUADI GALEGO E PACHI GARCÍA

Guadi Galego, unha das artistas máis relevantes da escena musical de Galicia, presenta "Lúas de outubro e agosto" o seu segundo traballo como solista tras o álbum Benzón, que se publicou en 2009. A traxectoria musical de Guadi Galego é moi intensa e rica, foi voz principal e gaiteira do grupo Berrogüetto, tamén formou parte como intérprete e compositora dos interesantes proxectos colectivos: Nordestinas, Espido e aCadaCanto. Guadi Galego preséntase agora cun son e unha expresión artística máis madura e tamén máis atrevida, máis melódica pero á vez, máis arriscada. "Lúas de outubro e agosto" contén fermosas cancións cun nexo común, a natureza das composicións, a esencia do vivido e madurado, a emoción e a intensidade, a delicadeza e o risco. Todo un exercicio de inspiración para encontrar vías non exploradas e propoñer unha música chea de sinceridade que sen dúbida vai sorprenden. "Lúas de Outubro e agosto" gravouse en xuño de 2014 nos estudos Alis Records de Baeza coa produción musical a cargo de Pachi García, o mago que soubo entender a Guadi e conseguir un resultado sofisticado e sorprendente, e que a vai acompañar neste concerto.

Pachi García, é un compositor e produtor Baezano que ten traballado con moitos dos artistas máis importantes do panorama nacional, e que estivo nominado aos premios Goya 2013 na categoría de mellor canción orixinal. Nestes momentos está xirando un disco dobre titulado "Recopilación de excesos emocionales", que reúne as súas mellores cancións reversionadas e cantadas a dúo con distintos artistas: Lori Meyers, Supersubmarina, Iván Ferreiro, Zahara, Cristina Lliso, Suso Saiz... e oito novas cancións producidas do xeito máis sinxelo e directo posible. É o seu sexto traballo discográfico despois de que os seus discos anteriores foran loucados e valorados pola prensa especializada e estiveran no posto número 1 de Itunes durante as primeiras semanas de saída. Alis é un músico valente, que elabora o seu pop artesanal mediante saltos mortais que evitan lugares comúns para soar orixinal e persoal, con peso afectivo pero sempre desde a luminosidade.



Agosto 13

RADIO PESQUERA

A guitarra flamenca de Nono García e a guitarra eléctrica de Pablo Novoa únense neste traballo discográfico que, a modo de cancións instrumentais, revelan as súas influencias musicais. Jazz, blues, flamenco e músicas latinas que se desvelan ao son dunha amizade que os levou a compartir as súas composicións nunha fusión de almas influenciados ambos polos seus lugares de orixe: Barbate e Vigo.

Pablo Novoa, figura importante no panorama musical español, e Nono García, pioneiro do flamenco jazz teñen acompañado, producido e arroupado a numerosos cantantes e grupos de todo o mundo ao longo dos últimos vinte anos. Partindo dunha idea de Pablo levaron a cabo esta gravación so coas súas dúas guitarras. Música instrumental que pode chegar máis lonxe que as cancións cantadas, traspasar fronteiras e tocar a fibra do público.

Radio Pesquera supón un punto de encontro entre dúas rexións de España, un achegamento dos seus portos pesqueiros que ademáis de estar unidos polo mar agora estarán sempre unidos pola música.

Nono García, Barbate (Cádiz). Un dos creadores do flamenco jazz da costa de Cádiz, empezou a tocar a guitarra na barbería do seu pobo e no conservatorio real de Bruselas, onde estudou jazz. Comezou a súa vida profesional nos 80 con Carlos Cano. Nos 90 foi o guitarrista do grupo belga "Vaya con Dios". Ten colaborado con Chano Domínguez, Antonio Serrano e Martirio entre outros, e ten composto obras para cine, teatro e TV. Profesor da escuela de música creativa y da escola popular de música e danza de Madrid, realiza unha intensa actividade docente por todo o mundo.

Pablo Novoa, guitarrista, tecladista, produtor e compositor nacido en Vigo. Membro de Golpes Bajos e La Marabunta; acompañou a Los Ronaldos, Julieta Venegas, Iván Ferreiro, Mastretta e Bebe, de quen é o seu director musical. Colabora como músico de estudio ou produtor en gravacións de Ketama, Víctor Coyote, Marlango, Deluxe, Los Enemigos ou Josele Santiago. No 2003 compón e grava o seu disco instrumental en solitario "Novoa cruza el Atlántico". Tamén compuxo para Luz Casal ou Antón Reixa con quen dirixiu o musical "Galicia Caníbal". Con Mastretta, Joan Valent e Miguel Malla colaborou nas películas: Torremolinos 73, Días Azules, Incautos, Días de cine...



Agosto 20

ELISEO PARRA E MARCELO DOBODE

Dous namorados da tradición, dúas almas libres reinterpretando o máis ancestral dos repertorios musicais peninsulares cos que cada un deles medrou e experimentou.

Dun lado, **Eliseo Parra**, nacido na Ribera do Duero, que medrou acompañado sempre pola música, cantando en casas de veciños, en rondallas, no coro do Instituto... e despois na Barcelona dos anos 60 xa como músico profesional acompañando a Ovidi Montllor, Gato Pérez, María del Mar Bonet, Marina Rossell o "Al Tall", entre outros. A partir 1983, xa en Madrid co grupo "Mosaico" empeza a facer música tradicional. Percorreu medio mundo actuando coa súa magnífica banda y colaborou con grande parte dos grupos de "recreación tradicional" da Península. Realizou "traballo de campo" por boa parte de España xunto a José Manuel Fraile e colaborou con el en libros e discos de recopilación, como transcriptor musical. Compuxo unha "Suite Romance", que estreou o Ballet Nacional e a Orquesta Sinfónica de Madrid; e traballou como músico e actor para a Compañía Nacional de Teatro Clásico na obra de Lope de Vega "Peribáñez y el Comendador de Ocaña". Tamén é dende hai seis anos un recoñecido profesor de percusión e canto tradicional.

Marcelo Dobode é un artista autodidacta que leva 22 anos dedicado á música tradicional, formado polo pobo e para o pobo, con familia xa de músicos tradicionais, leva actualmente o seu folklore ao punto máis actual, social, e íntimo. Nas súas novas composicións fusiona ritmos tradicionais coas súas vivencias ata o punto máis realista do que sucede no campo. Forma parte dos grupos PRIMORDIAIS, TUROQUA, cos que interpreta o seu repertorio máis coñecido, que como el mesmo denomina sonmúsicas de OrTa, músicas en crecemento. Combina o seu traballo artístico coa docencia de música tradicional impartida dun xeito innovador a músicos moi novos.



MARTIRIO E UXÍA

Agosto 27

Dúas grandes artistas e tamén amigas, compartindo escenario, talento e sensibilidade; unindo tradicións e facendo un camiño longo no seu percorrido xeográfico, pero moi curto no debuxo das emocións, profundas e salvaxes que das dúas interpretan do xeito máis orgánico e natural, espindo a voz.

Martirio chega acompañada de **Raúl Rodríguez**, e xuntos forman un dúo que se sabe bravo e que atopa en Chavela Vargas a súa máis recente inspiración plasmada no traballo "De un mundo raro", dez exorcismos-canción que poden curar moitos males e que teñen a virtude de converter en doxura todo ese extraño ámbito onde habitan as paixóns fortes. Como fragmentos ao seu imán, Martirio e Raúl chegaron a ese mundo raro de Chavela, un mundo máis real e palpable canto máis nos achegamos á desnudez da expresión artística. "Uno vuelve siempre a los viejos sitios donde amó la vida", canta Martirio mentres a guitarra de Raúl tenta os pulsos dunha melancolía case juanramoniana. Chavela concentraba o seu doente xenio neses momentos de catarse que no flamenco chaman 'pellizco'. E ao dicir amor abríase un diccionario enteiro de emocións humanas nunha soa palabra. Martirio converte ese 'pellizco' en delicadeza xenuína, en rara ambrosía para atopar o 'sentío'. Con orixinal clarividencia, a guitarra de Raúl conxura os acentos da fronteira cosmopolita.

Uxía é a voz do Atlántico. Máis de 25 anos de carreira artística convértena nunha das voces máis populares e valoradas da nosa lingua. As súas cancións teñen sempre a presenza latente ou explícita da música tradicional, cun tratamento anovador e persoal. Promoveu a creación de grupos de cantadeiras como Malvela ou Cantadeiras do Berbése participou en numerosas experiencias musicais con artistas da talla de Tito Paris, Jessie Norman, Dulce Pontes, Noa, João Afonso ou Chico César. Uxía recolle nas súas composicións a esencia de todas esas experiencias que a teñen levado a un contacto permanente con músic@s de culturas afíns. A súa paixón pola mestizaxe consegue unir e reunir voces, instrumentos, ritmos, sons... é un imán para o talento, e así o demostra como directora artística na creación do Festival Internacional da Lusofonía "Cantos na Maré", un espectáculo concibido como punto de encontro de artistas da área lusófona no que o escenario se transforma nunha festa multicultural coas mellores voces de Portugal, Brasil, Cabo Verde, Guinéa Bissau, etc.